

# CONCURSO

*Maquetas*

*Maketa\_rme 2023*

1.º premio: 300 € + diploma

2.º premio: 150 € + diploma

Deseño: Área de Imaxe, Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais

Inscripcións ata o  
30 de abril de 2023  
Máis información:  
[minaseenerxia.uvigo.es](http://minaseenerxia.uvigo.es)

# CONCURSO

## Maquetas

### Maketa\_rme 2023

1.º premio: 300 € + diploma  
2.º premio: 150 € + diploma

Inscripcións ata o  
30 de abril de 2023  
Máis información:  
[minaseenerxia.uvigo.es](http://minaseenerxia.uvigo.es)

Universidade de Vigo

## Enerxiza\_rme 2023

Dende a Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía da UVigo, convidamos ao alumnado de terceiro e cuarto da ESO, de bacharelato e de ciclos formativos a asumir o reto Maketa\_rme 2023.

### Bases de participación

- 1º- Poñerán a proba o seu enxeño e creatividade.
- 2º- Os/as concursantes deberán construír unha maqueta que se corresponda con maquinaria, cunha vivenda sostible ou cunha central de enerxía renovable como eólica, hidráulica, xeotérmica, etc.
- 3º- Requírese orixinalidade no deseño da maqueta presentada ao concurso. Non se permite o emprego de maquetas comerciais. Non existen requisitos nas dimensións das creacións. Non existe limitación en canto a materiais (cartón, madeira, plástico, metal...) ou tecnoloxías empregadas para a súa construción (elaboración manual en taller, creación de pezas mediante impresoras 3D, procesos de mecanización...).
- 4º- Os equipos deberán estar liderados por un/unha docente titor/a do centro educativo ao que pertenza o alumnado. Os equipos estarán compostos por un mínimo de 3 e un máximo de 6 alumnos/as. Ningún integrante poderá estar en máis dun equipo agás o/a docente titor/a. Só se permite presentar unha maqueta por equipo.
- 5º- Realizarase a inscrición antes do 30 de marzo do 2023, ás 20:00h. Enviarase ao enderezo electrónico [eme@uvigo.gal](mailto:eme@uvigo.gal) o formulario de inscrición descargable na sección do concurso na web da EME ([minaseenerxia.uvigo.es](http://minaseenerxia.uvigo.es)) debidamente cuberto.

6º- Antes do día 30 de abril de 2023 o docente enviará o anteproxecto da maqueta ao enderezo electrónico [eme@uvigo.gal](mailto:eme@uvigo.gal), indicando claramente o nome das persoas integrantes do equipo.

7º- A inscrición ao concurso é gratuíta.

8º- Segundo as solicitudes de inscrición recibidas, o equipo directivo da EME resérvase o dereito a crear diferentes categorías para as persoas participantes.

9º- O concurso poderá anularse se non se presenta un número mínimo de creacións.

10º- A participación do concurso implica a plena aceptación destas bases.

### Resolución do concurso

1º- O xurado estará composto por un/unha especialista no ámbito da enxeñaría da enerxía, un especialista no ámbito do movemento de terras, dous membros do persoal docente e investigador da UVigo, un profesor/a de bacharelato e dous alumnos/as da escola.

2º- A competición e entrega de premios terá lugar no mes de maio de 2023 nas instalacións da EME, en horario de mañá, co obxectivo de celebrar o día internacional do medio ambiente.

3º- As creacións que non cumpran o especificado nas bases serán rexeitadas polo xurado.

4º- O fallo do xurado será inapelable e publicarase adecuadamente na sección do concurso en [minaseenerxia.uvigo.es](http://minaseenerxia.uvigo.es)

5º- O xurado resolverá calquera circunstancia que se produza durante o concurso e que non fose prevista nas bases.

6º- As maquetas presentadas a concurso pasarán a ser propiedade exclusiva da EME, non podendo ser utilizadas polo autor/a en outros concursos. A EME poderá facer o uso que considere oportuno das mesmas.

### Premios

Os premios serán entregados aos centros participantes. Os premios serán os seguintes:

- **Primeiro premio:** 300 € + diploma
- **Segundo premio:** 150 € + diploma

Os fondos destinados a estes premios irán con cargo á aplicación orzamentaria correspondente.

Os premios estarán suxeitos á retención da porcentaxe de IRPF que corresponda.

### Máis información

Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía  
Campus universitario

36310 Vigo  
Tel: 986 814 077  
[eme@uvigo.gal](mailto:eme@uvigo.gal)